



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

BANDO DE ALCALDÍA

DON MANUEL ÁNGEL LEIS MÍGUEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA (A Coruña)-----

Comunico á veciñanza que a partir do vindeiro 22 de setembro (martes) de 2020 abranse ao público:

- OS PARQUES INFANTÍS.
- INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
- CENTRO SOCIOCULTURAL

Este Concello de Negreira tamén quere recordar que é imprescindible cumprir as recomendacións das autoridades sanitarias para previr e evitar a transmisión do Covid-19:

- Usar máscara, que é obrigatorio en tódalas circunstancias.
- Lavar as mans con frecuencia ou usar as solucións hidroalcohólicas.
- Evitar as aglomeracións, reunión e actos sociais con máis de 10 persoas.
- Evitar tocar ollos, nariz e boca.
- Ao tusir ou esbirrar cubrir a boca co cóbado flexionado ou cun pano desbotable tirándoo despois e lugar habilitado ao efecto.
- Se presenta síntomas (febre, tos, dor de cabeza, perda de olfato e gusto,...) quedar na casa e contactar vía telefónica co médico de atención primaria.
- Non fumar nin vapear na vía pública ou en espazos ao aire libre cando non se poida gardar a distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.

O concello pide á veciñanza que continúe colaborando na loita contra o virus e siga as recomendacións do Ministerio de Sanidad, Consellería de Sanidade e do Concello de Negreira.

No caso de ter algún síntoma contactar co teléfono de información para a cidadanía

900 400 116

Para máis información **www.coronavirus.sergas.gal**

Negreira, 17 de setembro de 2020.

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

